

PLAN ANUAL DE LECTURA IES MUGARDOS

CURSO 2015-2016

OBXECTIVOS	2
Programa para a mellora do éxito escolar	3
Programa PROA	3
ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA	4
Biblioteca de aula	
LIÑAS PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR	5
RUTINAS DE LECTURA	5
Hora de ler	5
Clubs de lectura	6
RECURSOS HUMANOS	6
ITINERARIOS LECTORES	7
ACTIVIDADES PROGRAMADAS	19
Formación de usuarios	19
Actividades puntuais	20
Proxecto documental	20
RECURSOS E MATERIAIS	21
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	21

- **OBXECTIVOS**

1. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
2. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.
3. Mellorar os índices lectores dos alumnos.
4. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
6. Potenciar a valoración das competencias lingüísticas en disciplinas non especificamente lingüísticas.
7. Incorporar a lectura como un método de formación integral do alumno: educación en valores, curiosidade por outras culturas e civilizacións, reflexión sobre problemáticas actuais.
8. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
9. Concienciar a toda a comunidade educativa da relevancia do hábito lector e do traballo en común para melloralo.
10. Sensibilizar ás familias na importancia que ten o hábito lector na educación dos seus fillos e fillas.

Tendo presente estes obxectivos o noso centro participa dende hai catro anos no Programa para a mellora do éxito escolar e, dende hai un ano, no Programa Proa.

Á espera de que saia no DOG a convocatoria destes programas, os responsables deles no centro confían en que este curso se poidan seguir levando a cabo.

PROGRAMA PARA A MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR dirixido ao alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO.

Obxectivos que se pretenden acadar para o alumnado participante:

- Estimulalo e apoiar o gusto por aprender.
- Contribuír a desenvolver as súas capacidades.
- Ampliar a formación con temas interesantes e motivadores que non formen parte do currículo escolar.
- Crecentar e consolidar o afán de curiosidade e o coñecemento e posta en práctica de distintos métodos, técnicas e procedementos de traballo intelectuais.
- Aumentar a implicación nas actividades do centro.
- Mellorar o rendemento escolar.

PROGRAMA PROA

O Programa Proa, na súa modalidade de apoio e reforzo, está dirixido ao alumnado da ESO con dificultades de aprendizaxe.

Os seus obxectivos son:

- Mellorar os resultados académicos do alumnado.
- Axudar a planificar o seu traballo e estudo.

- Ensinar técnicas de estudo: suliñado, esquemas, resúmenes, xerarquización de ideas.
- Mellorar a comprensión lectora.
- Mellorar a expresión escrita.
- Reforzar a seguridade do alumnado para mellorar a súa autoestima.

- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

A biblioteca escolar é, sen dúbida, o espazo por excelencia para a lectura na medida en que satisface as necesidades dos lectores e lles presenta novas ofertas.

A biblioteca estará aberta nos recreos para atender préstamos, devolucións e renovacións.

Durante o horario lectivo, a biblioteca ten unhas horas fixas asignadas a determinadas clases; o resto das horas pode ser ocupada por calquer grupo que o precise, ben para buscar información puntual, ben para traballar nos ordenadores.

A aula será tamén, sobre todo durante a actividade da *Hora de ler*, un espazo interesante para poñer ao alumnado en contacto cos libros e a lectura.

Este curso estréanse as bibliotecas de aula nos cursos de 1º e 2º de ESO. O obxectivo destas bibliotecas é ir dotando ás aulas de todo tipo de dicionarios e obras básicas de consulta, e achegar ao alumnado lecturas atractivas e variadas que moitas veces, por motivos diferentes, no van buscar á biblioteca.

Os cursos de 3º e 4º de ESO que non teñen un aula propia disporán na biblioteca dunha caixa de libros que se irán renovando ao longo

do curso, e que estarán á súa disposición para a lectura nas horas nas que falte algún profesor.

- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIA EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR

- A biblioteca será a encargada de comprobar a existencia de exemplares suficientes das lecturas obrigatorias.
- Porá en coñecemento das bibliotecas da contorna o listado de lecturas obrigatorias.
- Será a encargada da formación dos usuarios.
- Fará os novos carnés
- Rexistrará e catalogará os fondos.
- Levará o control dos libros entregados fóra de tempo.
- Dará a coñecer as novas adquisicións.
- Posibilitará o préstamo de lotes de libros ás diferentes aulas.
- Atenderá as peticións dos distintos departamentos no que atinxe ás compras de libros ou outros materiais.
- Elaborará recursos que poidan ser utilizados por alumnado e profesorado.
- Elaborará boletíns de recomendacións de lecturas.

- RUTINAS DE LECTURA

- **Hora de ler.** Un curso máis volverase a poñer en marcha esta actividade que leva desenvolvéndose cinco cursos.

Trátase de adicar 20 minutos ao día á lectura. Todo o profesorado da ESO está implicado nesta actividade que

empezará un luns a primeira hora, seguirá o martes a segunda e así sucesivamente ata completar a seis sesións lectivas para volver a empezar.

Nesta actividade ten cabida non só a lectura individual en voz baixa senón tamén a lectura expresiva por parte do alumnado e profesorado.

- **Club de lectura.** Este curso haberá un club de lectura para pais/nais, alumnado de 4º de ESO e bacharelato, e outros dous para alumnado de 1º e 2º de ESO.

- RECURSOS HUMANOS

-Equipo de biblioteca:

Maite Pernas (Departamento Lingua Castelá)

Olga Cabalar (Departamento Música)

Olga Recio (Departamento de Música)

Begoña Allegue (Departamento Grego) Dinamizadora.

A biblioteca estará aberta e atendida tódos os recreos. Durante o horario lectivo haberá sete gardas atendidas pola dinamizadora para levar a cabo tarefas de catalogación, planificación de actividades, elaboración de recursos etc.

Este curso aproveitarase a hora da CCP na que non haxa unha reunión convocada para que os xefes de departamento colaboren coa biblioteca no deseño de actividades e transmitan propostas ou suxestións.

-Hora de ler:

Responsables: Serafín Álvarez e Consuelo Gundín

-Club de lectura

Responsables: Serafín Álvarez e Begoña Allegue

O club de lectura de maiores celebrará as súas reunións pola tarde fóra do horario lectivo. O club de lectura de ESO reunirase os martes de 3.00 a 4.00 fóra do horario lectivo.

Plan Proa:

Marta González (Responsable)

Os profesores que van impartir as clases están aínda por determinar.

- ITINERARIOS LECTORES

❖ DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

1º de ESO

1ª AVALIACIÓN

Especial ROAL DAHL	<i>Matilda</i> , Obradoiro
<i>Elixir un</i>	<i>Charlie e fábrica de chocolate</i> , Ed. Do Cumio.
	<i>Boy, relatos de infancia</i> , Sushi Books.
	<i>Danny, o campión do mundo</i> , Xerais.

2.ª AVALIACIÓN

Libros en serie	<i>Dragal</i> . Elena Galleg., Xerais.
<i>Elixir un</i>	<i>Os megatoxos</i> . Anxo Fariña, Xerais.
<i>para Nadal</i>	<i>Un misterio para Tintimán en...</i> Jaureguizar, Xerais.

3ª AVALIACIÓN

Sen determinar.

2º de ESO

1ª AVALIACIÓN

Recinto Gris, de Leticia Costas, Ed. Xerais.

Lectura na clase:: *O achado do castro*, de Núñez Singala.

2ª AVALIACIÓN

Corredores de sombras, Agustín Fernández Paz, Xerais.

3ª AVALIACIÓN

Lectura voluntaria:

Chamando ás portas do ceo, Jordi Sierra i Fabra, Rodeira.

O corazón de Xúpiter, Leticia Costas, Xerais.

Na fogueira dos versos, Antonio García Teijeiro, Xerais.

Endogamia 0.2, Ramón Caride, Xerais.

Xoeliki. As aventuras dun ciberpirata . Ou Xoeliki. O grande apagamento, de Abraham Carreiro, Sotelo Blanco Edicións.

3º de ESO

1ª AVALIACIÓN

O último traballo do Sr. Luna, César Mallorquín Ed. Rodeira.

2ª AVALIACIÓN

Mentira Care Santos, Ed. Rodeira.

(Un grupo de 3º le o do 1º trimestre e o outro o do 2º e na seguinte avaliación cambian).

3ª AVALIACIÓN

Lectura voluntaria:

Amote Leo A. Destino Xalundes, Rosa Aneiros, Ed. Xerais.

Aire negro, Agustín Fernández Paz, Xerais.

O diario vermello de Carlota ou *O diario violeta de Carlota*, Gemma Lianas,, Ed. Galaxia.

O pintor do sombreiro de malvas, Marcos Calveiro, Xerais.

Makinaria, Carlos Negro, Xerais. Ou *Penúltimas tendencias*, Carlos Negro, Xerais.

4º de ESO

Ámote Leo A. (Destino Xalundes, Estación de Tránsito, Terminal de...chegadas?. Rosa Aneiros.

Todos somos. Marcos Calveiro. Xerais.

Centauros do norte. Marcos Calveiro. Rodeira.

O diario vermello de Carlota. Gemma Lianas. Ed. Galaxia.

O diario violeta de Carlota. Gemma Lianas. Ed. Galaxia.

O diario vermello de Franagan. Andreu Martín e Jaume Ribera.

1º BACHARELATO**1ª AVALIACIÓN**

Made in Galicia, Sechu Sende, Ed. Galaxia.

2ª AVALIACIÓN

A escoller:

Resistencia, Rosa Aneiros, Xerais

O club da calceta, María Reimóndez, Xerais.

A praia dos afogados, Domingo Villar, Ed. Galaxia.

3ª AVALIACIÓN

Lectura voluntaria:

Os fillos do mar, Pedro Feijoo, Xerais.

A neta do señor Linh, Philippe Claudel, Ed. Rinoceronte.

Amor de tango, M^a Xosé Queizán, Xerais.

O sol do verán, Carlos Casares, Galaxia. Ou *Deus sentado nun sillón azul*, Galaxia.

Pepa a Loba, Carlos Reigosa, Xerais.

Laura no deserto; As rulas de Bakunin, Homónima, ou Animalia, Antón Riveiro Coello, Galaxia.

2º BACHARELATO

Agosto do 36. José Fernández Ferreiro. Xerais

Herba moura. Teresa Moure. Xerais.

Pepa a Loba. Carlos Reigosa. Xerais.

O club da calceta. María Reimóndez. Xerais.

Todo é silencio. Manuel Rivas. Xerais.

As rulas de Bakunin. Riveiro Coello. Galaxia.

Laura no deserto. Riveiro Coello. Galaxia.

Ollos de auga. Domingo Villar. Galaxia.

A praia dos afogados. Domingo Villar. Galaxia.

A memoria da choiva. Pedro Feijoo. Xerais.

Os fillos do mar. Pedro Feijoo. Xerais.

Calzados Lola. Suso de Toro. Xerais.

❖ DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ

1º de ESO

Las brujas, Roald Dalh. 1ª aval.

Utopía, Lincoln Child. 2ª aval.

El ladrón del rayo, R. Riordan. 3ª aval.

2º de ESO

1ª AVALIACIÓN

Relato de un naufrago, Gabriel G. Márquez.

Elixir entre calquera clásico de aventuras.

2ª AVALIACIÓN

Elixir:

Ojalá fuera cierto, Marc Levy.

Erebos, U. Poznanski.

3ª AVALIACIÓN

Elixir:

Bajo la misma estrella, J. Green

El asesino del hielo, J. Bonansinga

3º de ESO

1ª AVALIACIÓN

Las lágrimas de Shiva, César Mallorquí.

2ª AVALIACIÓN

El pan de la guerra, Deborha Ellis

3ª AVALIACIÓN

El medallón perdido, Ana Alcolea.

Voluntarias:

Los armarios negros, Manuel Gisbert.

El viaje de Parvana, Deborha Ellis.

Diez negritos, Agatha Crhistie.

El sabueso de los Baskerville, Arthur Conan Doyle.

4º de ESO

1ª AVALIACIÓN

Rimas y leyendas, Bécquer.

2ª AVALIACIÓN

La piel de la memoria, Sierra y Fabra.

La llamada de la selva, Jack London. Recomendada.

3ª AVALIACIÓN

Cuatro corazones con freno y marcha atrás, Jardiel Poncela.

Lecturas voluntarias:

La familia de Pascual Duarte, Camilo José Cela.

Sin noticias de Gurb, Eduardo Mendoza.

Don Álvaro o la fuerza del sino, Duque de Rivas.

El escarabajo de oro, Edgar Allan Poe.

Bodas de sangre, García Lorca.

La catedral, César Mallorquí.

El último enigma, Joan Manuel Gisbert.

El sabueso de los Baskerville, Arthur Conan Doyle.

Las chicas del alambre, Jordi Sierra i Fabra.

Marianela, Benito Pérez Galdós.

1º de BACHARELATO

1ª AVALIACIÓN

La Celestina, Fernando de Rojas.

2ª AVALIACIÓN

El Lazarillo de Tormes. 2ª aval.

3ª AVALIACIÓN

El Quijote (selección textos), Miguel de Cervantes.

Lecturas voluntarias.

El Capitán Alatriste, Pérez Reverte.

La vida es sueño, Calderón de la Barca.

El sí de las niñas, Leandro Fernández de Moratín.

Don Juan Tenorio, Zorrilla.

Don Álvaro o la fuerza del sino, Duque de Rivas.

2º de BACHARELATO

1ª AVALIACIÓN

Plenilunio, Antonio Muñoz Molina.

2ª AVALIACIÓN

Campos de Castilla, Antonio Machado.

La fundación, Buero Vallejo..

3ª AVALIACIÓN

Crónica de una muerte anunciada, Gabriel G. Márquez

LITERATURA UNIVERSAL DE 2º DE BACHARELATO

- *Hamlet*, Shakespeare. 1ª aval.
- *Frankenstein o el moderno Prometeo*, Mary Shelley. 2ª aval.
- *Novela de ajedrez*, Stefan Zweig. 3ª aval.
- *Poemas de Alberto Caeiro*. F. Pessoa. 3ª aval.

❖ DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

- *El clan del oso cavernario*, Jean Aue
- *Memoria del Logos*, Emilio Lledó. Lectura obrigatoria da introducción.

❖ DEPARTAMENTO DE PLÁSTICA

- *El enigma del maestro Joaquín*, Sigrid Heuck. 3º e 4º de ES
- *La mirada creativa*, Peter Jenny. 1º ESO.

- *Como hacer un cómic*. Todos os cursos.

❖ DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

1º ciclo de ESO e ESA

Recomendados:

- *Malditas matemáticas: Alicia en el País de los Números*, Carlo Fabreti.
- *La selva de los números*, Ricardo Gómez Gil.
- *El diablo de los números*, Hans Magnus Enzensberger.
- *Póngame un kilo de matemáticas*, Carlos Andradas.
- *El señor del cero*, María Isabel Molina.

2º ciclo de ESO e ESA

- *El diablo de los números*, Hans Magnus Enzensberger.
- *El asesinato del profesor de matemáticas*, Jordi Sierra i Fabra.
- *Matemáticas demente*, Lewis Carrol.
- *Viaje a través de los genios*, Willian Bungam.
- *Alicia en el país de las matemáticas*, Lewis Carrol.
- *Cuentos del cero*, Luis Balbuena.
- <http://www.librosmaravillosos.com/hombrecalculaba/index.html>

BACHARELATO

Recomendados:

- *La medición del mundo*, Daniel Kelhmann.
- *El curioso incidente del perro a medianoche*, Mark Haddon.
- *El contador de arena*, Gillian Bradshaw.
- *El tío Petrus y la conjetura de Goldbach*.

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">- Libros de Adrián Paenza- http://www.conectarigualdad.gob.ar/noticia/accede-gratis-a-los-libros-de-adrian-paenza-1226 |
|---|

❖ DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

- *Diario de los inventos*. PCPI e 2º e 3º ESO.
- *Economía en media hora*. 4º ESO e Bacharelato.
- *¿Quién se ha llevado mi queso?*, Spencer Johnson. ESO e Bacharelato.

❖ DEPARTAMENTO DE HISTORIA

Lecturas recomendadas para 4º de ESO e Bacharelato

- *Todo se desmorona*, Chinua Achebe. 4º de ESO.
- *Sin novedad en el frente*, E.M. Remarque.
- *El último tren a Pakistán*, Kushwant Singh.
- *Un puente sobre el Drina*, Ivo Andric.
- *El gatopardo*, G.T. di Lampedusa.
- *El palacio de cristal*, Amitav Gosh.
- *Cisnes salvajes*, Chang Jung.
- *Vivir*, Mo Yan. 1º de BAC.
- *Las redes humanas. Una historia global del mundo*, J. R.Mcneill e W. H. Mcneill

- Cómics: *una vez en China*, *Persépolis*, *Notas al pie de Gaza*, *Shenzen*, *El loto azul*, *Corto Maltés en Siberia*, *Maus*.

❖ DEPARTAMENTO DE CIENCIAS

- *Mi familia y otros animales*, Gerald Durrell.
- *Bichos y demás parientes*, Gerald Durrell.
- *Eres una bestia* Viskovitz, Alessandro Boffa.

❖ DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

- *La villa d'en face*. 3º ESO.
- *Le fantome de Vercingétorix*, Muriel Nathan-Deiller. 4º ESO.
- *Le coeur entre les dents*, Monique Ponthy. 1º Bacharelato.

❖ DEPARTAMENTO DE LATÍN

1º de BACHARELATO

Lecturas recomendadas:

- Selección de *Metamorfosis* de Ovidio
- Selección de *Carmina* de Catulo.

2º de BACHARELATO

- *Agricola*, Tácito. Selección
- *Metamorfosis*, Ovidio. Selección
- *Historia de Roma*, Tito Livio. Selección
- *Poemas*, Catulo. Selección
- *Cistellaria*, Plauto

- *Miles gloriosus*, Plauto

❖ DEPARTAMENTO DE GREGO

1º de BACHARELATO

Lecturas recomendadas:

Las aventuras de Ulises, Rosemary Sutcliff, Vicens-Vives

Naves negras ante Troya, Rosemary Sutcliff, Vicens- Vives

Medea, Eurípides.

Hipólito, Eurípides.

Relatos verídicos. Luciano de Samosata.

Dafnis y Cloe, Longo de Lesbos.

Selección lírica.

2º de BACHARELATO

1ª AVALIACIÓN

Ilíada, Homero. Selección de cuatro cantos.

2ª AVALIACIÓN

Lírica. Selección de poemas de Safo, Alceo e Arquíloco.

3ª AVALIACIÓN

Las Asambleístas, Aristófanes.

Edipo Rey, Sófocles.

CULTURA CLÁSICA

- *12 relatos de la Ilíada y la Odisea*. Adap. Michel Laporte.
- *12 historias y leyendas de Roma*. Adap. Michel Laporte.
- *16 metamorfosis de Ovidio*. Adap. Françoise Rochmuhl.
- *Las profecías de la sibila*, Geraldine Mccoughrean- Tony Ross.
- *Diana y Orión*, Geraldine Mccoughrean-Tony Ross.
- *El viaje de Eneas*, Geraldine Mccoughrean- Tony Ross.
- *Teseo y el Minotauro*. El sendero de los mitos.
- *Los trabajos de Hércules*. El sendero de los mitos.
- *Prometeo*. El sendero de los mitos.
- *El laurel de Apolo*. El sendero de los mitos.
- *El regreso de Ulises*. El sendero de los mitos.
- *Helena y la guerra de Troya*. El sendero de los mitos.
- *Mitos griegos*, Mará Angelidou.
- *Narraciones de mitos clásicos*, Margalida Capell.

● ACTIVIDADES PROGRAMADAS

- FORMACIÓN DE USUARIOS

Durante o primeiro trimestre o alumnado de 1º de ESO recibirá formación de usuarios. Ao no dispoñer este curso da hora de Proxecto Interdisciplinar, aproveitarase a de titoría sempre e cando non haxa ningunha actividade programada polos titores. Explicaráselles como está organizada a biblioteca, como atopar un libro (que é unha CDU e que é a signatura topográfica), como consultar o OPAC Meiga desde a súa casa e como está organizado o sistema de préstamos.

O alumnado disporá dun caderniño para realizar distintos exercicios prácticos de localización e colocación de exemplares.

- ACTIVIDADES PUNTUAIS

- Exposicións de libros en datas sinaladas (Defuntos, Nadal, Día da Muller...) ou arredor dalgún feito relevante.
- Encontros con autores : estase a valorar xunto co departamento de Galego un encontro co escritor Marcos Calveiro ou coa escritora Rosa Aneiros
- Celebracións: seguiremos a celebrar, con actividades aínda non determinadas as seguintes datas: Día da Paz, Día da Muller, Día do libro, Día das Letras Galegas.

Para a data de Defuntos hai xa unha actividade deseñada: ***A danza da morte***. Trátase da elaboración dun vídeo, por parte dos alumnos de Música e Teatro para a 1ª semana de novembro recreando unha danza da morte. Os alumnos de Latín colaborarán cun traballo sobre a tópica arredor da morte.

O Día Internacional da Palabra celebrarase coa actividade “A maxia da palabra”.

- PROXECTO DOCUMENTAL

Este curso, co motivo da creación do museo do Caldoval, plantéxase en todos os centros educativos de Mugarodos un tema para traballar en común . O tema é ***A romanización***. Dende a biblioteca faise una proposta de traballo: a creación dun *Gabinete das Maravillas* que recollerá obxectos relacionados con este tema. Tratarase de que por departamentos ou cursos se propuxese un obxecto que, supostamente, tería sido atopado

polos alumnos ou tería chegado ata as súas mans a través dunhas canles que terían que explicar. O segundo paso sería a materialización deste obxecto para a súa exposición. A esta materialización plástica seguiría un traballo de documentación do obxecto recollendo non só a súa descripción, senón tamé todo aquilo que poidese contextualizalo e que formaría o catálogo da exposición.

- RECURSOS E MATERIAIS

A biblioteca dispoñerá da páxina web do centro e da aula Moodle para dar a coñecer os materiais elaborados.

O taboleiro seguirá sendo un bo escaparate onde dar a coñecer novas sobre libros, autores etc. Este curso continuarase co pequeno espacio para as novas sobe ciencia.

- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Farase un seguimento das distintas actividades propostas, se se levaron a cabo e cal foi o resultado e a implicación do alumnado e profesorado.

A final de curso pasarase unha enquisa tanto ao alumnado como ao profesorado para valorar a *hora de ler* e o funcionamento da biblioteca. Os programas de Mellora e PROA dispoñerán dos deus propios mecanismos para valorar o seu traballos.